

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ENTREGARANSE O VENRES 14 NA CORUÑA

Xa hai finalistas dos Premios da Edición

De provincia a nación (Xusto Beramendi), *Made in Galiza* (Sechu Sende) e *Para que serve a Historia de Galicia* (José Carlos Bermejo), candidatos ao mellor libro do ano

Redacción - 18:00 10/12/2007

Déronse a coñecer os finalistas da [III Premios da Edición](#), que se entregarán o 14 de decembro no Aquarium Finisterrae da Coruña durante a *Noite da Edición 2007*. Os premios, organizados pola [Asociación Galega de Editores](#) pretende recoñecer aos autores e entidades que traballan a prol do libro en Galicia.

Para o *Premio Ánxel Casal ao libro do ano* seleccionáronse tres obras: *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Xerais), de Xusto Beramendi; *Made in Galiza* (Galaxia), de Sechu Sende; e *Para que serve a Historia de Galicia* (Lóstrego), de José Carlos Bermejo. Os finalistas do *Premio Xosé Neira Vilas ao Libro infantil e xuvenil do ano* son *Minimaladas* (Xerais), de Carlos López; *O único que queda é o amor* (Xerais), de Agustín Fernández Paz; e *Xela volveuse vampira* (Baía), de Fina Casalderrey. Para o *Premio Lois Tobío ao Libro traducido do 2007* os candidatos son *A odisea* (Rodeira), de Homero; *Cuspirei sobre as vosas tumbas* (Faktoria K), de Boris Vian; *O señor Ibrahim e as flores do Corán* (Faktoria K), de Éric-Emmanuel Schmitt; e *Só silencio me responde* (Rinoceronte), de Anna Akhmátova. Finalmente, os *Premios Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado do 2007* seleccionaron a *Guía dos mamíferos de Galicia* (Baía), ilustrado por Calros Silvar; *Minimaladas* (Xerais), ilustrado por David Pintor; e *Titiritesa* (OQO Editora), ilustrado por Mauricio A. C. Quarello. Ademais, entregárase o *Premio Francisco Fernández del Riego* á colaboración no labor editorial do ano, e máis o *Premio Xosé María Álvarez Blázquez* ao autor ou autora do ano.